

TODAS

CIENCIA E TECNOLOXÍA

COMERCIO

CULTURA E OCIO

POBOACIÓN E COMUNIDADES

DEPORTE

ECONOMÍA

EDUCACIÓN

EMPREGO

ENERXÍA

FACENDA

INDUSTRIA

LEXISLACIÓN E XUSTIZA

MEDIO AMBIENTE

MEDIO RURAL E MARIÑO

SAÚDE

SECTOR PÚBLICO

SEGURIDADE

SOCIEDADE E BENESTAR

TRANSPORTE

TURISMO

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS

VIVENDA

9 DE XUÑO DE 2022

En 2021 concedéronse 764 licencias de edificación, 354 máis que o ano previo á pandemia

O Concello da Coruña mobilizou 100 millóns de euros en obras desde 2019



Inés Rey: "En 2022 rebaixamos o tempo medio de pago a provedores a 22 días, cito por debaixo do



A alcaldesa, Inés Rey, destacou esta mañana no Foro de inversión APPECO, que o Concello da Coruña mobilizou 100 millóns de euros de inversión en obras dende o 2019. "Cen millóns de euros para transformar a cidade nun espazo máis sostible e amable" subliñou.

A rexedora aproveitou o encontro para facer un balance do mandato, destacando os 47 millóns de obras contratadas polo goberno municipal aos que hai que sumar os contratos de mantemento de calzadas e aceras e a licitación da renovación integral do alumeadado público da cidade.

Respecto á concesión de licenzas, a alcaldesa destacou que no 2021 se concederon un total de 764 licenzas de edificación, 354 máis que o ano previo á pandemia. A alcaldesa puxo en valor que 15 desas licenzas se corresponden con grandes promocións que superan os 1,2 millóns de euros de orzamento. Máis da metade desas licenzas, 460 son para a construción de obra nova como a Torre Hábitat en Someso (100 vivendas), o novo edificio de Metrovacesa en Eirís (111 vivendas) ou edificios no Ofimático de 90 e 24 vivendas respectivamente.

Pago a provedores

Outro dos elementos clave da intervención da rexedora no foro de inversión foi o relativo ao pago de provedores. Durante este mandato, o goberno de Inés Rey situou o tempo medio de pago en 28 días, dous días por baixo do establecido por lei e cinco por debaixo de anos anteriores. Ademais, "neste 2022 rebaixamos o tempo medio a 22 días, oito por debaixo do marcado por lei" sinalou a alcaldesa.

Ademais, o Concello da Coruña leva 23 meses sen superar os 30 días no pago a provedores, algo que non se conseguira nunca, o que pon de manifesto que "este goberno se preocupa pola xestión, pola reactivación económica e por facilitar o traballo ás persoas que integraden este sector" concluiu Inés Rey.

CATEGORÍAS DA NOTICIA

ECONOMÍA

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS

OBRAS E INFRAESTRUTURAS

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS

PLANEAMENTO E PLANS URBANÍSTICOS

HEMEROTECA

Consulta todas as noticias na nosa hemeroteca

